

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA,  
A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL-AGADER E A  
ASOCIACIÓN GALEGA DE ACTIVIDADES NáUTICAS - AGANPLUS PARA O  
DESENVOLVEMENTO DOS PROXECTO ECODESTIN\_3IN e CAPITEN**

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

**REUNIDOS**

Por unha banda a D<sup>a</sup> María Nava Castro Domínguez, en representación da **Axencia Turismo de Galicia**, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia km.3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude de nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm.226 do 25.11.2016), e actuando en virtude de facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, Manuel Galdo Pérez, en nome e representación da **Secretaría Xeral da Presidencia**, nomeado polo Decreto 25/2015, do 12 de febreiro, actuando en virtude das competencias que lle son atribuídas no artigo 2 e na disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Doutra parte, D. Miguel Ángel Pérez Dubois, en representación da **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural**, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia km.3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de director xeral, en virtude de nomeamento realizado polo Decreto 41/2016, do 7 de abril (DOG núm.76 do 8.4.2016), e actuando en virtude do

seu expresado cargo, e en virtude das facultades delegadas polo acordo da Presidencia da Agader do 11 de xullo de 2013 (DOG núm.148m do 05.08.2013),

E pola outra, D. Manuel Soliño Bermúdez, con DNI 36.101.417-L, en calidade de Presidente da **Asociación Galega de Actividades Náuticas – en diante AGANPLUS**, con CIF G36.356.160, con domicilio en Carretera Circunvalación num 61, Baixo 7 A, 36.960, Sanxenxo (Pontevedra), debidamente autorizado para subscribir o presente convenio pola Xunta Directiva.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade suficiente para o asinamento deste convenio, e interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio da facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñan conferidas e,

#### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que a Asociación Galega de Actividades Náuticas - AGAN+ é unha entidade sen ánimo de lucro constituída en decembro de 1999 como primeira agrupación das empresas de actividades náuticas de Galicia e co ámbito de actuación de toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

Os seus fins son os da promoción da cultura náutica, promover a desestacionalización da oferta e o crecemento e emprego no ecosistema turístico - náutico, o desenvolvemento do valor da conservación dos espazos naturais, a promoción do acceso ás actividades náuticas para todos os cidadáns, a promoción e acreditación das certificacións de calidade no sector náutico, poñer en funcionamento, promocionar e apoiar a comercialización de produtos de turismo náutico ofrecidos por empresas/profesionais ou territorios baixo uns estándares, converter ós municipios en destinos náuticos de calidade mediante unha estratexia de tematización, e a formación en temas relacionados co mar, a pesca e o medio ambiente mariño.

Así mesmo, a Asociación Galega de Actividades Náuticas, é o principal colaborador coa Xunta de Galicia, no desenvolvemento da marca de calidade europea náutica NEA (Nautismo no Espazo Atlántico) aplicada aos Cruceiros Costeiros, actuando como coordinador deste proxecto dende 2016 con Portos de Galicia e a Axencia Turismo de Galicia.

Por outro lado AGAN+ é a única asociación náutica de Galicia que ten participado en proxectos europeos dende o 2003 coas principais rexións náuticas europeas atlánticas, sendo a única entidade privada náutica de referencia en Galicia, que pode desenvolver e certificar a carta de calidade náutica NEA (Náutica no Espazo Atlántico).

Ademais, a AGAN+ é a única entidade de Galicia no ámbito da náutica galega que participa e foi seleccionada como xefe de fila e beneficiario nun proxecto do programa Interreg Galicia-Norte de Portugal, o denominado 217\_ECDESTIN\_3in, que a Axencia Turismo de Galicia considerou de interese mediante a sinatura da carta de apoio.

Que AGAN+ ademais é a única entidade náutica privada de Galicia que foi seleccionada para representar ao sector náutico de Galicia no proxecto CAPITEN pertencente a iniciativa comunitaria Interreg Espazo Atlántico, que é o principal proxecto náutico aprobado para as rexións do Atlántico europeo, sendo ademais a entidade seleccionada para coordinar a área de Cabotaxes Atlánticos (Paquete de traballo 7) para todos as 18 entidades, principalmente administracións rexionais, dos 5 países participantes.

**Segundo.-** A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo, e no exercicio das súas funcións, a esta entidade correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos. Ademais asinou a carta de apoio para o desenvolvemento do proxecto Ecodestin\_3in que coordina AGAN+

e está interesada xunto a Portos de Galicia no desenvolvemento da carta de calidade náutica europea NEA para os cruceiros costeiros en Galicia, considerando que co apoio á execución destes proxectos lle permite acadar os seus obxectivos en consonancia coas actuacións emprendidas pola Unión Europea.

**Terceiro.-** Que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) ten como finalidade mellorar a calidade e condicións de vida dos habitantes do medio rural ao tempo que contribúe á cohesión do territorio galego. As funcións de Agader previstas na Lei 5/2000, de 28 de decembro, e modificacións posteriores, establecen entre as funcións da axencia a de promover e incentivar a cooperación entre os axentes públicos e privados nos que as súas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais. Ademais como ente público xestor do programa Leader en Galicia realiza as tarefas de apoio e de seguimento e control dos programas executados polos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) no noso territorio.

Tamén e a axencia que promove actuacións relacionadas coa diversificación económica e a creación e mantemento do emprego a través do apoio a actuacións de turismo rural, a produción de bens e servizos estratéxicos para a economía da zona rural, o apoio ao comercio nas zonas rurais e a información e formación profesional ocupacional e continua dos traballadores.

Agader pretende promocionar e conservar o patrimonio cultural do rural e desenvolver a actividade económica rural que permitan facer o medio rural un lugar mais atractivo e polo tanto favorecendo a fixación da poboación no campo galego, sendo as actuacións previstas interesantes dende o punto de vista da diversificación económica enfocada principalmente ao ámbito do turismo.

**Cuarto.-** Que todas estas entidades consideran de interese a colaboración nas actuacións obxecto deste convenio porque contribúen de forma clara a valorización do patrimonio cultural e natural, tanto material como inmaterial, o desenvolvemento do turismo costeiro e o rural, e a promoción internacional de Galicia e da Eurorexión como destino náutico e

natural de costa e de interior e o desenvolvemento e posta en valor do patrimonio e dos produtos locais agroalimentarios das comarcas de interior galegas.

Neste sentido, e tendo en conta que para posicionarse internacionalmente como destino náutico natural cultural e deportivo é preciso a creación de produtos turísticos culturais que a través da costa permitan coñecer o interior de Galicia nun marco de calidade, considerase necesario apoiar o desenvolvemento do proxecto Ecodestin\_3in. Nese sentido é preciso apoiar as actuacións de creación de novas ofertas mediante cursos de formación e consultoría individualizada, o acceso ao patrimonio a través da implantación e desenvolvemento de ferramentas de realidade aumentada desde o mar e ríos, a publicación de material promocional da oferta náutico cultural e natural, o estudo de novos mercados internacionais aos que ofrecerse como destino, a presentación dos novos produtos e ofertas a través de saídas e eventos promocionais tanto culturais náuticos como deportivo educativos a novos colectivos rexionais, a realizacións de viaxes de famtrips e presstrips con potenciais influencers e comercializadores, o apoio a aplicación de estándares internacionais de calidade a oferta de calidade e a aplicación das tecnoloxías no acceso dende o mar e os ríos ao patrimonio e espazos naturais de costa e interior, e a promoción online da oferta patrimonial e de produtos locais de calidade do interior de Galicia por a segmentos de turistas.

**Quinto.-** Que, polas razóns expostas, concorren aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención, posto que o obxecto do convenio contribúe á valorización do patrimonio cultural e natural, tanto material como inmaterial, o desenvolvemento do turismo costeiro e o rural, e a promoción internacional de Galicia e da Eurorexión como destino náutico e natural de costa e de interior e o desenvolvemento e posta en valor do patrimonio e dos produtos locais agroalimentarios das comarcas de interior galegas.

Así mesmo, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser AGAN+ á única entidade de Galicia no ámbito da náutica galega que participa e foi seleccionada como xefe de fila e beneficiario nun proxecto do programa Interreg Galicia-Norte de Portugal, o denominado 217\_ECDESTIN\_3in, que a Axencia Turismo de Galicia considerou de interese mediante a sinatura da carta de apoio.

Que AGAN+ ademais é a única entidade náutica privada de Galicia que foi seleccionada para representar ao sector náutico de Galicia no proxecto CAPITEN pertencente a iniciativa comunitaria Interreg Espazo Atlántico, que é o principal proxecto náutico aprobado para as rexións do Atlántico europeo, sendo ademais a entidade seleccionada para coordinar a área de Cabotaxes Atlánticos (Paquete de traballo 7) para todos as 18 entidades, principalmente administracións rexionais, dos 5 países participantes.

Por todo isto, dada a converxencia de ámbitos de actuación, o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins comúns, e para unha maior eficacia na execución das actuacións, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción do presente convenio, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA. Obxecto do convenio**

O obxecto do presente convenio é regular as bases de cooperación entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Asociación Galega de Actividades Náuticas para a desenvolvemento do proxecto Ecodestin\_3In, para promover Galicia como destino náutico, cultural e deportivo internacional a través a valorización do patrimonio cultural e natural da costa e do interior e CAPITEN para desenvolver e integrar a Galicia nunha rede de Cabotaxes Internacionais Atlánticos e crear produtos náuticos innovadores.

O ámbito de aplicación deste proxecto no marco deste convenio é a Comunidade Autónoma de Galicia.

As actividades principais a levar a cabo pola Asociación Galega de Actividades Náuticas no marco do proxecto Ecodestin\_3in e CAPITEN, e segundo o establecido nas candidaturas aprobadas e os acordo vinculantes son, en Ecodestin\_3IN:

Estudio de mercado de países emisores para detectar, segmentar, crear bases e xerar axendas para visitas países emisores
Cursos de formación para capacitación de oferta náutica: (1) Integrar recursos naturais e culturais nos produtos creados (2) Facelos viables e sostibles (3) Plan de marketing dixital deses novos produtos
Asesoría piloto para crear modelos de viabilidade e plan marketing
Workshop de matching entre oferta náutica, natureza e oferta turística de aloxamentos e viaxes
Traducións de contidos de novas ofertas para incluír en espazos web 4 idiomas
Desenvolvemento de espazo web de promoción de oferta e recursos e formación para a integración de oferta de territorios. Portal temático
Aplicacións piloto de realidade aumentada en ofertas náuticas demostrativas
Elementos valorizados mediante realidade aumentada (itinerarios mar, terra, barrios cultura marítima, paseos)
Workshops de apoio á creación de itinerarios marítimos integrados
Soportes comunicación dixitais e en papel (Feiras, presentacións)
Campañas famtrips e presstrip de países emisores e nacionais
Campañas online e en redes sociais
Eventos piloto transfronteirizos de presentación de novos produtos 3i
Capacitación, formación a empresas para la acreditación como centro a impartir os modelos de contidos educativos creados no proxecto - aulas acreditadas
Identificación e integración do territorio nas redes internacionais de náutica e natureza e capacitación de oferta (formación)
Accións piloto xunto ás entidades relevantes para o posicionamento do territorio nas redes internacionais
Carta de calidade para oferta turística integrada con turismo de natureza e náutico en espazos naturais y culturais
Porto friendly: portal temático

Porto friendly: acceso a porto con realidade aumentada
Porto Fiendly: Porto 24 horas con chave electrónica
Monitorización de indicadores e obxectivos do proxecto
Gastos de auditoría
Website do proxecto
Técnicos - nóminas

En Capiten:

Coordinación do proxecto – e dos cabotaxes a nivel do Atlántico
Atraer e sensibilizar a novos públicos mediante a demostración e acceso a produtos innovadores en eventos existentes de gran presenza de público
Acompañar á industria náutica cara un enfoque sostible que sexa mais respectuoso co medio ambiente, centrándose no deseño, de materiais náuticos de nova xeración
Favorecer a navegación entre os diferentes portos do Arco Atlántico valorando o patrimonio natural e cultural común dos destinos a través dunha rede de circuitos de cabotaxe

A Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia e a Axencia Galega e Desenvolvemento Rural levará a cabo todas as accións encamiñadas a coordinación interadministrativa, seguimento da execución do proxecto e a garantir a duración deste e a súa transferibilidade a potenciais entidades capitalizadoras dos resultados.

## SEGUNDA.- Orzamento e financiamento

O importe total das actuacións descritas e recollidas no proxecto Ecodestin\_3in e CAPITEN e incluídas no ámbito desde convenio é de **411.676,52€ (IVE incluído)** e para os seguintes conceptos:

En Ecodestin 3IN:

Estudio de mercado de países emisores para detectar, segmentar, crear bases e xerar axendas para visitas países emisores	16.722,38 €
Cursos de formación para capacitación de oferta náutica: (1)	
Integrar recursos naturais e culturais nos produtos creados (2)	20.333,33 €

Facelos viables e sostibles (3) Plan de marketing dixital deses novos produtos	
Asesoría piloto para crear modelos de viabilidade e plan marketing	14.166,67 €
Workshop de matching entre oferta náutica, natureza e oferta turística de aloxamentos e viaxes	11.148,26 €
Traducións de contidos de novas ofertas para incluír en espazos web 4 idiomas	6.967,66 €
Desenrolo de espazo web de promoción de oferta e recursos e formación para a integración de oferta de territorios. Portal temático	21.433,72 €
Aplicacións piloto de realidade aumentada en ofertas náuticas demostrativas	12.077,28 €
Elementos valorizados mediante realidade aumentada (itinerarios mar, terra, barrios cultura marítima, paseos)	42.000,00 €
Workshops de apoio á creación de itinerarios marítimos integrados	3.716,09 €
Soportes comunicación dixitais e en papel (Feiras, presentacións)	9.290,21 €
Campañas famtrips e presstrip de países emisores e nacionais	24.696,20 €
Campañas online e en redes sociais	9.055,56 €
Eventos piloto transfronteirizos de presentación de novos produtos 3i	33.444,77 €
Capacitación, formación a empresas para la acreditación como centro a impartir os modelos de contidos educativos creados no proxecto - aulas acreditadas	1.858,04 €
Identificación e integración do territorio nas redes internacionais de náutica e natureza e capacitación de oferta (formación)	1.858,04 €
Accións piloto xunto ás entidades relevantes para o posicionamento do territorio nas redes internacionais	7.432,17 €
Carta de calidade para oferta turística integrada con turismo de natureza e náutico en espazos naturais y culturais	7.432,17 €
Porto friendly: portal temático	6.716,86 €
Porto friendly: acceso a porto con realidade aumentada	5.287,65 €
Porto Friendly: Porto 24 horas con chave electrónica	6.430,12 €

Monitorización de indicadores e obxectivos do proxecto	6.750,00 €
Gastos de auditoría	2.855,60 €
Website do proxecto	3.487,26 €
Técnicos - nóminas	40.000,00 €

En Capiten:

GASTOS DE AUDITORÍA: Coordinación do proxecto	2.904,00 €
GASTOS DE PERSOAL: Atraer e sensibilizar a novos públicos mediante a demostración e acceso a produtos innovadores en eventos existentes de gran presenza de público	17.950,00 €
CONTRATACIÓNS: Atraer e sensibilizar a novos públicos mediante a demostración e acceso a produtos innovadores en eventos existentes de gran presenza de público	16.861,74 €
CONTRATACIÓNS: Acompañar á industria náutica cara un enfoque sostible que sexa mais respectuoso co medio ambiente, centrándose no deseño, de materiais náuticos de nova xeración	6.744,69 €
GASTOS DE PERSOAL: Favorecer a navegación entre os diferentes portos do Arco Atlántico valorando o patrimonio natural e cultural común dos destinos a través dunha rede de circuitos de cabotaxe	24.000,00 €
CONTRATACIÓNS: Favorecer a navegación entre os diferentes portos do Arco Atlántico valorando o patrimonio natural e cultural común dos destinos a través dunha rede de circuitos de cabotaxe -	28.056,05 €

A contribución da Axencia Turismo de Galicia no financiamento do proxecto será de OITENTA E SETE MIL NOVECIENTOS DEZANOVE CON TRECE EUROS (87.919,13 €) e da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de Galicia de QUINCE MIL EUROS (15.000,00 €), que agrupadas son CENTO DOUS MIL NOVECIENTOS DEZANOVE CON TRECE EUROS (102.919,13 €) equivalente ao 25% do total do orzamento dos proxectos incluído neste convenio, e con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0, proxecto 2015 00005 da Axencia Turismo de Galicia, e a aplicación

orxamentaria 13.A1.712A.760.0, código de proxecto 2017 00003 de AGADER, que para posibilitar a realización das actuacións serán dedicados aos gastos das mesmas, e só cubrirá o coste de realización da actividade sen que a Asociación Galega de Actividades Náuticas obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega. O reparto das achegas por entidades e anualidades de 2018, 2019 e 2020, será segundo o seguinte cadro:

ANO	INVERSIÓN	CONTRIBUCIÓN AXENCIA DE AGADER		
		XUNTA- AGRUPADA	TURISMO	
2018	200.000,00 €	50.000,00 €	35.000,00 €	15.000,00 €
2019	140.000,00 €	35.000,00 €	35.000,00 €	0,00 €
2020	71.676,52 €	17.919,13 €	17.919,13 €	
<b>TOTAL</b>	<b>411.676,52€</b>	<b>102.919,13€</b>	<b>87.919,13€</b>	<b>15.000,00€</b>

As achegas da Axencia Turismo de Galicia e de AGADER canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

A Axencia Turismo de Galicia no seu nome e de conformidade aos acordos vixentes coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural procederá ao pagamento da subvención de ambas entidades a favor da Asociación Galega de Actividades Náuticas, unha vez esta entidade presente a documentación xustificativa establecida na cláusula sexta.

O importe que se compromete a achegar a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural será obxecto de retención de crédito e baixa na aplicación máis arriba indicada. O citado orzamento será ampliado no orzamento da Secretaría Xeral da Presidencia, aplicación 04.10.761A.732.12 código de proxecto 2015 00635, con correlativa ampliación no orzamento da Axencia Turismo de Galicia, na aplicación orxamentaria 04.A2.761A.781.0,

código de proxecto 2015 00005, do orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

### Terceira. Compromiso das partes

I.- A Asociación Galega de Actividades Náuticas - Agan comprométese a:

-Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.

-Incluír en toda a documentación no espazo que corresponda aos colaboradores cofinanciadores de Agan+, que as actuacións contan con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e incluír “Marca Turística de Galicia” en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración nos que sexa posible.

-Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino do investimento.

- - Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto

11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.-

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- Todas as demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

II.- A Axencia Turismo de Galicia e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural comprométense a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través da achega establecido na cláusula segunda.

#### **Cuarta.- Inexistencia de relación laboral**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, ou a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

#### **Quinta.- Compatibilidade**

De conformidade co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Sexta.- Xustificación dos fondos, pagamento e gastos subvencionables**

I. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, que conterà a seguinte documentación:

1) Memoria de actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Unha memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterà:

- Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

- Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

- Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.

3) Certificación bancaria de titularidade da conta na que se deba realizar o pagamento.

Por outro lado, a entidade beneficiaria deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma Certificación.

II. A contribución da Axencia Turismo de Galicia e da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural minorarase proporcionalmente no caso de que non se xustifique o orzamento total que figura na cláusula segunda, sempre e cando se acade o obxecto deste convenio de colaboración.

Non obstante, non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio..

III. A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

IV. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflecta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. A entidade beneficiaria quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

V. De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, serán **subvencionables** os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade beneficiaria, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio. A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a entidade beneficiaria, como consecuencia da realización de actuacións acordadas co obxecto do convenio e que se teñan efectuado desde o **1 de xaneiro de 2018**.

O prazo para presentar a documentación xustificativa será o 15 de decembro de 2018, 15 de decembro de 2019, e 15 de decembro de 2020.

#### **Sétima .- Pagamentos anticipados e a conta**

Poderanse realizar pagamentos anticipados, ao abeiro do disposto no artigo 63.1.Dous do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio, de ata o 50% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas. Para proceder ao seu pagamento, AGAN+ deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, conforme establece o artigo 62 do citado Regulamento.

Solicitarase ao Consello da Xunta de Galicia a exención da obriga de constituír garantías para os pagamentos a conta e anticipados, conforme dispón o artigo 67.4 do devandito Regulamento.

#### **Oitava.- Reintegro da subvención**

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, AGAN+ deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

#### **Novena.- Comisión de seguimento**

Para o seguimento do convenio e da súa execución, así como para propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do mesmo, créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por dous representantes designados por cada unha das partes asinantes.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

#### **Décima.- Modificación do convenio**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola

Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

#### **Décimo primeira.- Causas de resolución**

-Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

#### **Décimo segunda.- Natureza xurídica e xurisdición competente**

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

#### **Décimo terceira.- Publicidade e rexistro do convenio**

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

#### **Décimo cuarta.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio**

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

### Décimo quinta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata 31 de decembro de 2020 podendo ser prorrogado se existe acordo entre as partes. O acordo de prórroga deberá adoptarse, alo menos, con 15 días de antelación ó vencemento pactado e, de selo caso, a súa validez estará condicionada á existencia de crédito axeitado a de abondo


Tendo lido o presente Convenio polas partes, e en proba de conformidade, asínase por cuatriplicado exemplar no lugar e data indicados na cabeceira do presente documento.

Pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural



Miguel Ángel Pérez Dubois

Pola Axencia Turismo de Galicia



Mª Nava Castro Domínguez

Pola Secretaría Xeral da Presidencia



Manuel Galdo Pérez

Pola Asociación Galega de Actividades Náuticas



Manuel Soliño Bermúdez